



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO DE SELECCIÓN DE DOUS OFICIAIS DO SERVIZO DE AUGAS E A ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN PARA OS SUPOSTOS DO ARTIGO 15,2 E 15,3 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2015, DO 23 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES (TRET).

En Camariñas, a 12 de xullo de 2024

No salón de plenos do Concello de Camariñas, sito en praza de Insuela, núm 57 de Camariñas, sendo as 9:00 horas reúnese, baixo a presidencia de D. José Ameijeiras Oreiro, capataz de obras do Concello de Camariñas, os seguintes membros integrantes do Tribunal cualificador das probas selectivas para o proceso de selección de dous oficiais do servizo de augas e a elaboración dunha bolsa de emprego, ao obxecto de proceder á constitución do tribunal e determinar as probas que se van facer aos aspirantes :

Presidente: D. José Ameijeiras Oreiro, Capataz de Obras do Concello.

Vogais: D. Francisco José Puga Bestilleiro, Técnico Deportivo do Concello.

D. M^a Josefa Jiménez Sánchez, AEDL do Concello.

D. José Ramón Lema Pose, operario do servizo de augas do Concello de Vimianzo.

Secretario: D. Juan José Canosa Canosa, persoal laboral do Concello.

O señor Presidente declara constituído o Tribunal e aberto o acto.

Acto seguinte procedese a determinar as probas que se van facer aos aspirantes, que por unanimidade dos membros do tribunal acordan as seguintes e as puntuacións que corresponden::

Proba número 1.

Será unha proba en interior dun edificio. Tempo máximo para desenvolve-la 20'.

Puntuación máxima 20 puntos:

Destreza, ata 5 puntos.

Organización do traballo, ata 4 puntos.

Uso das ferramentas, ata 5 puntos.

Uso das EPIS, ata 2 puntos.

Orde e limpeza no traballo, ata 5 puntos.

Proba número 2.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Será unha proba en exterior . Tempo máximo para desenvolve-la 40´.

Puntuación máxima 20 puntos:

Destreza, ata 3 puntos.

Organización do traballo, ata 6 puntos.

Uso das ferramentas, ata 5 puntos.

Uso das EPIS, ata 4 puntos.

Orde e limpeza no traballo, ata 2 puntos.

Sendo as 10:00 horas dáse por rematada a sesión, quedando para reunirse na data 19 de xullo de 2024 as 9:00 horas no almacén de obras do concello en Ig. Cruceiro de Xaviña (Camariñas) para a realización das probas aos aspirantes, dispoñendo que se redacte a presente acta que subscriben os membros do tribunal cualificador, de todo o que eu, o secretario, dou fe.